

---

## Informe Priorización Programas de Cualificación Profesional Inicial

---

## ÍNDICE

1.- Xustificación Análise .....	3
2.- Mercado Laboral Xuvenil .....	3
3.- Finalidade dos PCPI .....	4
4.-Metodoloxía da Investigación .....	6
5.- Resultado da Valoración dos Perfís de PCPI segundo a estimación da súa inserción no mercado laboral.....	14

## 1.- XUSTIFICACIÓN ANÁLISE

No presente documento analízase a inserción laboral, dende un punto multidimensional, dos diferentes perfís que se imparten nos Programas de Cualificación Profesional Inicial.

Esta investigación xorde como consecuencia da inquietude do Consello Escolar Municipal de Vilagarcía de que os órganos educativos competentes ofrezan, no termo do concello e, por extensión, do ámbito do Pacto do Salnés, unha educación que sirva para mellorar a ocupabilidade dos mozos e mozas, que ven reducido o seu panorama profesional ante a falta dunha formación básica.

Este tipo de investigación, entra dentro do plan de traballo, que define o Decreto 98/2008 do 15 de maio que regula os órganos consultivos coñecidos como Pacto Territoriais de Emprego, e que se relaciona coa determinación de perfís profesionais requiridos polo mercado de traballo e a detección de necesidades da poboación traballadora.

A análise realízase para o ámbito territorial do Pacto do Salnés que abrangue os concellos de Cambados, Catoira, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Pontecesures, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.


3

## 2.- MERCADO LABORAL XUVENIL

Unha das características do mercado laboral das persoas de menor idade é o desemprego. No ámbito territorial do Pacto do Salnés, as persoas de entre 16 e 24 anos, rexistradas como paradas, representan o 11,15% (1.332 persoas) da poboación desempregada.

Se distinguimos por sexo, obsérvase que os homes entre 16 e 24 anos representan o 13,51% (188 homes) do desemprego masculino, e as mulleres, nas mesmas idades, representan o 9,08% do desemprego feminino.

## Pirámide de Poboación Parada Rexistrada. Pacto do Salnés. Abril 2010



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

As consecuencias destas taxas de paro foron analizadas, a nivel xeral, por autores como Jover e Márquez (1988) ou Piro, e destacan:

4

- A prolongación do proceso de transición á vida adulta e activa.
- A Prolongación do tempo de permanencia na escola, o que Piro chama “desempregados encubertos”.
- O incremento da taxa de abandonos prematuros, promovido pola obrigatoriedade de permanencia na escola. O que provoca un número importante de mozos e mozas sen formación adecuada, tratando de incorporarse ao mercado laboral.

### 3.- FINALIDADE DOS PCPI

As taxas de abandono escolar aumentaron nos últimos anos, relacionado co “boom do ladrillo”. A facilidade, coa que os mozos e mozas, podían atopar oportunidades de traballo sen ter a formación finalizada fixo que o abandono dos estudos se incrementara. Na actual conxuntura económica este colectivo está a ser expulsado do sistema ou vense con maiores dificultades para manter a súa estabilidade.


A velocidade dos cambios tecnolóxicos pon de releve a necesidade de apostar por traballadores e profesionais capaces de facelos fronte, é dicir de persoas que desenvolveron unha alta habilidade para seguir aprendendo. Aqueles que non as acadaron, xeralmente, traballadores con baixa cualificación profesional, viven un risco máis elevado de non ser capaces de adaptarse ás novas esixencias laborais (Álvaro Marchesi Ullastre).

Existe no mercado unha demanda crecente de maior cualificación profesional. Por este motivo, os programas educativos existentes, como os PCPI, intentan impedir que os alumnos se desvinculen do proceso de aprendizaxe ou que se volvan a reincorporar.

Os PCPI están destinados á poboación menor de 21 anos que cumpran a lo menos os 16 no ano natural de comezo do programa e non obtiveran o Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Excepcionalmente, de acordo co alumno e os pais ou titores, 15 anos para aqueles alumnos que unha vez cursado 2º de ESO que non estean en condicións de promocionar ao terceiro curso e repetiran xa unha vez en secundaria.

Os PCPI permiten que o alumnado acade o nivel de competencias un do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Alumnado matriculado en PCPI no Pacto do Salnés



O número de alumnos matriculados en PCPI aumentou no curso 2008-2009 un 40% respecto do ano anterior. Segundo sexo, son maioría os homes, así representan un 69,91% dos alumnado matriculado o último ano.


#### 4.-METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

Á hora de realizar unha priorización dos perfís de Programas de Cualificación Profesional Inicial, levouse a cabo un deseño metodolóxico fundamentado na explotación de datos cuantitativos procedentes, na súa maioría, de fontes secundarias.

Na articulación do proceso metodolóxico tivéronse en conta tres criterios relacionados co mercado laboral e as características propias do perfil de PCPI.

Nunha primeira fase, realízase un estudo dos perfís que se recollen, na modalidade C, partindo dun enfoque micro-explicativo. Posteriormente, relaciónanse estes perfís coas ocupacións nas que se forman, e os sectores produtivos onde van a desenvolver o seu traballo; examinando nunha última etapa, a estrutura e a evolución do mercado laboral, no Pacto do Salnés, a través da asociación entre ocupacións e sectores de actividade (perspectiva marco-explicativa).

Cadro 1: Proceso metodolóxico de análise



## 4.1 Definición dos criterios

De seguido, desenvólvense cada un dos criterios citados, explicando as categorías que os compoñen, así como a xustificación da súa elección e o interese que suscita na presente investigación.


### CRITERIO 1: ESPECIALIDADES FORMATIVAS

---

Baixo este criterio elaborouse unha análise micro-explicativa que ten en conta as especialidades formativas vinculadas aos perfís de PCPI.

Deste xeito, establécense catro categorías que inciden sobre a oportunidade de impartir a especialidade asociada como son a existencia de formación regrada no territorio, a aplicación doutro tipo de formación (Accións Formativas dirixidas maioritariamente para Desempregados), e a valoración por unha comisión cualitativa das perspectivas de ocupación.

Cadro 2: Categorías establecidas en función da formación



Datos estatísticos: fontes secundarias e primarias / Código da especialidade formativa.

Na categoría denominada **Formación Profesional**, valórase positivamente que existan, no ámbito territorial do Pacto do Salnés, ciclos formativos relacionados co perfil ou a especialidade formativa que se imparte no PCPI. Unha das finalidades dos PCPI é fomentar a continuidade de estudos en diferentes ensinanzas para continuar aprendendo ao longo da vida. De lograr acadar este interese por parte do alumno, e logo non existen oportunidades de continuación da formación, o éxito do PCPI non sería completo.

Pola contra, a existencia de  **cursos AFD (Accións Formativas dirixidas prioritariamente a Desempregados)** que sexan reiterativos no territorio, nunha temática coincidente coa formación de PCPI, non se valora positivamente. As AFD teñen como destinatarios a persoas desempregadas sen restricións de idade, e aínda que con actúan con filosofías diferentes, estaríamos a duplicar recursos e esforzos nun tipo de formación similar.


A **perspectivas de ocupación** miden as posibilidades reais de inserción. Estas posibilidades son apreciadas por unha comisión de orientadores laborais e técnicos de emprego no territorio, que como axentes expertos coñecen de primeira man pola súa experiencia profesional, cales son as ocupacións con máis demanda no mercado laboral (obténdose así información dunha fonte primaria, fronte o que acontece nas restantes categorías nas que se extrae de datos secundarios).

## CRITERIO 2: OCUPACIÓNS ASOCIADAS ÁS ESPECIALIDADES

---

Nun segundo plano, analízanse as ocupacións que se asocian a cada perfil de PCPI, e se avalía se están entre as ocupacións máis contratadas por parte das empresas, ou son das máis demandadas por parte do traballador, se a tendencia da súa contratación é de crecemento, se son ocupacións que o Servizo Público de Emprego atopa dificultades para cubrir ofertas laborais, ou se é considerada como un novo xacigo de emprego por satisfacer necesidades emerxentes na nova sociedade.

Cadro 3: Categorias establecidas dentro do criterio ocupacional



Últimos datos estadísticos dispoñibles / CNO 94 a 4 díxitos

Os ítems que se valoran en cada unha das categorías son os seguintes:

A **oferta e demanda laboral** recolle dúas variables que reflicten cal é a reacción do mercado laboral ante a unha ocupación, dende o lado da persoa que a demanda (ocupacións máis atractivas para a poboación desempregada), como do lado de quen a oferta (ocupacións máis contratadas polas empresas). Por tanto, as ocupacións cunha avaliación óptima serán as que sexan máis demandadas e máis contratadas.

Os **novos xacigos de emprego** tamén chamados filóns de ocupación, son o termo utilizado polo Libro Blanco de Delors para describir aquelas actividades laborais que satisfacen novas necesidades froito dos cambios demográficos, das expectativas de calidade de vida, no traballo e na xestión do tempo, ou a relación co medio ambiente. Estas actividades teñen catro características:

Cobren necesidades sociais insastifeitas

Configúranse en mercados incompletos

Teñen un ámbito de produción ou prestación localmente definido

Teñen un alto potencial na xeración de postos de traballo.

Na valoración dos perfís, as ocupacións relacionadas cos novos xacigos de emprego contarán cunha calificación positiva.

As **ocupacións de difícil cobertura** son recollidas nun catálogo elaborado trimestralmente polo Servizo Público de Emprego, como aquelas nas que se atopan obstáculos para xestionar as ofertas laborais, e por tanto, gozan de boas perspectivas de empregabilidade. Na valoración dos perfís de PCPI, este tipo de ocupacións gozarán dunha puntuación positiva.

E por último, o **indicador de tendencia das ocupacións**, indica a evolución contractual nun período temporal de cinco anos. Para elo se comparan o número de contratados no ano de referencia coa media dos contratados no período anterior.


Dende o punto de vista da análise de priorización de PCPI, aplicarase unha valoración positiva ás que teñan unha boa tendencia, e por tanto, nas que existan boas estimacións na súa ocupabilidade.

### CRITERIO 3: SECTORES DE ACTIVIDADE DO PACTO DO SALNÉS

Na definición deste criterio, asóciase a cada perfil de PCPI un sector de actividade, segundo a Clasificación de Actividades Económicas CNAE 1993, onde se estima vai desenvolver a súa profesión.

Para a delimitación deste criterio, defínense os sectores de actividade que conforman o Pacto (segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas do ano 93, desagregada a dous díxitos), e se relacionan con tres categorías que permiten realizar unha óptima definición da estrutura produtiva.

Cadro 5: Categorias establecidas dentro do criterio sectorial



Estudo de variacións intertemporais (2005-2008) / CNAE 93 a 2 díxitos

Neste criterio analízase a situación do sector onde se desenvolverá a actividade relacionada co perfil. As categorías que se tiveron en conta foron as seguintes:

- A **afiliación** indícanos cal foi a súa evolución no período de referencia, deste xeito as actividades con crecementos ponderados de afiliación contan cunha maior valoración, a efectos de entender que atraen efectivos de traballo.
- **desemprego**, é a outra cara da moeda, e sinala cal foi a evolución do paro en cada un dos sectores. Por tanto, aplícase unha maior puntuación a aquelas actividades que tiveron mellor comportamento comparativo dentro da conxuntura de actividades económicas.
- A **estacionalidade** da idea de como flutúa o mercado de traballo ao longo do ano, de xeito que canto máis baixa sexan as variacións estarase a falar dun bo comportamento do sector, xa que a súa creación de emprego non está suxeita a feitos externos á súa actividade.
- **tamaño do sector**, é unha variable que relativiza as tres variables anteriores. De feito, que un sector cun alto crecemento porcentual en afiliación pode ter pouca capacidade de xerar emprego, xa que conta cun escaso tamaño de afiliación.

Nos ítems anteriores o tipo de análise é lonxitudinal, aplicado a un período tres anos para o ámbito territorial do Pacto do Salnés.

## 4.2 TÁBOA RESUMO

Preséntase na táboa as doce categorías recollidas na análise, cos seus pesos e criterios metodolóxicos utilizados.

Táboa 2. Peso dos factores estudados

Categoría	RK	Factores	Definicións	Metodoloxía	Peso Factores
<b>Afiliacións</b>	10	<b>Evolución Afiliados</b>	Para a súa definición, utilízanse medias ponderadas das taxas de crecemento, do período 2005-2008 (outorgándolle un maior peso a este último ano).	Ordénanse os sectores segundo a súa media de crecemento. Os sectores con crecementos máis altos obteñen unha puntuación máis alta.	15
<b>Desemprego</b>	10	<b>Evolución desempregados</b>	Realízase a media ponderada das taxas de crecemento, para o período 2005-2008, outorgándolle un maior peso ao ano 2008.	Asígnase a puntuación máis alta á media de crecemento menor dos sectores asociados aos perfís de PCPI (menor incremento do desemprego).	15
<b>Estacionalidade</b>	10	<b>Estacionalidade</b>	A estacionalidade mídese a través do Índice de Variación Estacional. Este índice trátase dunha análise para secuencias de series temporais.	A puntuación da estacionalidade establécese en función do índice de variación estacional. Canto menor sexa, porcentualmente relativizando entre sectores, o índice, maior será a puntuación obtida por este sector.	10
<b>Tamaño de mercado</b>	10	<b>Tamaño</b>	O tamaño de mercado relativiza o comportamento do sector dentro do mercado laboral do Pacto do Salnés	O sector con maior tamaño dentro dos implicados nos perfís leva a puntuación máis alta, esta puntuación repártese de forma proporcional ao tamaño entre o resto de sectores.	5
<b>Oferta e demanda laboral</b>	10	<b>Capacidade de atracción</b>	Contratos rexistrados para esa ocupación no ano 2009	Inclusión da ocupación profesional dentro do Informe das Ocupacións máis demandas do Instituto Galego de Cualificacións segundo sexo.	5
		<b>Ocupacións máis ofertadas polas empresas</b>	Ofertas de emprego rexistradas para esa ocupación no ano 2009.	Valórase que a ocupación asociada ao perfil, sexa das máis ofertadas polas empresas segundo o Instituto Galego de	5

				Cualificación.	
<b>Novos Xacigos de Emprego</b>	<b>5</b>	<b>Novo xacigo</b>	Cualifícanse positivamente as ocupacións sinaladas como novos viveiros de emprego.	Inclusión da ocupación no Libro Branco de Delors.	<b>2,5</b>
<b>Ocupacións Dificil Cobertura</b>	<b>5</b>	<b>Inclusión no Catálogo</b>	Ocupacións incluídas no "Catálogo de Dificil cobertura do 2009 (provincia Pontevedra)", as aprobadas polo "Acordo dos Axentes Sociais no sector da Mariña Mercante" e o "Acordo coa Secretaría do Estado para o Deporte".	Inclusión da ocupación que forma o perfil en : <ul style="list-style-type: none"> <li>- Catálogo de Dificil Cobertura 2009.</li> <li>- Acordo de Axentes Sociais no Sector da Mariña Mercante.</li> <li>- Acordo coa Secretaría do Estado para o Deporte.</li> </ul>	<b>2,5</b>
<b>Tendencia da ocupación</b>	<b>10</b>	<b>Indicador da evolución contractual nun período de cinco anos</b>	Comparativa entre o número de contratados no ano 2009, nunha ocupación, e a media de contratados en dita ocupación no período anterior. Índice evaluado polo Instituto Galego das Cualificacións.	Valórase con maior puntuación as evolucións positivas da contratación.	<b>5</b>
<b>Formación Profesional</b>	<b>10</b>	<b>Formación Regrada</b>	Valórase a existencia de ciclos de formación profesional en especialidades relacionadas cos perfís e PCPI.	A inexistencia no territorio de ciclos de Formación Regrada na mesma especialidade ou equivalente.	<b>15</b>
<b>Accións Formativas Dirixidas prioritariamente a desempregados</b>	<b>10</b>	<b>AFD</b>	Valórase a existencia de cursos AFD na mesma especialidades de PCPI.	Puntúase negativamente as especialidades nas que se impartiron cursos AFD cunha frecuencia alta.	<b>5</b>
<b>Perspectiva de inserción</b>	<b>10</b>	<b>Comisión cualitativa</b>	Valoración por parte dos servizos de orientación laboral das entidades do Pacto territorial de Emprego do Salnés, segundo a súa experiencia.	Puntuación do Servizo de Orientación Laboral	<b>15</b>

## 5.- RESULTADO DA VALORACIÓN DOS PERFÍS DE PCPI SEGUNDO A ESTIMACIÓN DA SÚA INSERCIÓN NO MERCADO LABORAL

### Ordenación do perfís PCPI

PCPI	Pkn
PCPI de fabricación mecánica	58,03
PCPI de montaxe de redes eléctricas	52,51
PCPI de servizos administrativos	48,95
PCPI de comercio	48,03
PCPI de emprego doméstico	46,89
PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións	46,89
PCPI de fontanaría, calefacción e climatización domésticas	43,20
PCPI de limpeza de edificios, locais e moblaxe	38,58
PCPI de servizo e restauración	37,49
PCPI de cociña	37,02
PCPI de revestimentos de obra	37,00
PCPI de aloxamento	36,70
PCPI de peiteado	35,09
PCPI de estética	34,59
PCPI de informática	33,84
PCPI de albanelaría	32,74
PCPI de producións agrícolas	31,75
PCPI de pastelería	30,95
PCPI de mantemento de vehículos	29,39
PCPI de carpintaría	29,36
PCPI de xadinaría e viveirismo	29,26
PCPI de arranxos florais	28,17
PCPI de reprografía	25,55
PCPI de costura	24,80
PCPI de cerámica	19,26